



### CONCELLOS

#### BURELA

#### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE ENFERMEIRO/A-DUE DA UAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 20/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0899 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 27/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1279 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de “ENFERMEIRO/A-DUE DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS”, grupo A2, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 298 de 30/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Adriana Rego Díaz	***9839**	EXENTA

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

#### PRESIDENTE/A.-

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

#### VOGAIS.-

Titular: Dª. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: Dª. María José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: Dª María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: Dª. Berta López Fernández. Coordinadora da Unidade de Saúde Mental do Hospital Público da Mariña.

Titular: D. Anselmo Fernández Alonso. Coordinador do Servizo de Atención Primaria de Mondoñedo.

Suplente: D. Juan José Lorenzo Otero. Enfermero no Hospital Público da Mariña.

#### SECRETARIO/A.-

Titular: Dª. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 15 de outubro de 2024 (martes), ás 9:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo

Burela, 20 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”

R. 2821

### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE ENFERMERÍA DA UAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 20/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0897co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 27/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1278 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de “AUXILIAR DE ENFERMERÍA DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS”, grupo C2, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 298 de 30/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
María del Mar Franco Expósito	***9223**	EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289**	EXENTA
María Nuria González Barcia	***9183**	EXENTA
María Belén Maseda Seco	***9674**	EXENTA

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

#### **PRESIDENTE/A.-**

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

#### **VOGAIS.-**

Titular: Dª. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: Dª. María José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: Dª María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: D<sup>a</sup>. Berta López Fernández. Coordinadora da Unidade de Saúde Mental do Hospital Público da Mariña.

Titular: D. Anselmo Fernández Alonso. Coordinador do Servizo de Atención Primaria de Mondoñedo.

Suplente: D. Juan José Lorenzo Otero. Enfermeiro no Hospital Público da Mariña.

#### SECRETARIO/A.-

Titular: D<sup>a</sup>. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 15 de outubro de 2024 (martes), ás 9:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo

Burela, 20 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”

R. 2822

### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 20/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0896 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 27/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1281 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS, grupo C2, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 298 de 30/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8<sup>a</sup> das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Raquel Balbas Aguilar	***9698***	NON EXENTA
María Teresa García González	***9395***	EXENTA
Karín Mago Marcano	***0840***	EXENTA
Janet Erika Márquez Guzmán	***2509***	NON EXENTA
Noé Pérez Núñez	***3342***	EXENTA

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

**VOGAIS.-**

Titular: D<sup>a</sup>. D<sup>a</sup>. Rocio Valle Fraga. Avogada do CIM do Concello de Burela..

Suplente: D<sup>a</sup>. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Titular: D<sup>a</sup>. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. Maria José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: D<sup>a</sup> María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: D<sup>a</sup>. María Marcelina González Pernas. Auxiliar Administrativo do Concello de Burela.

**SECRETARIO/A.-**

Titular: D<sup>a</sup>. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 15 de outubro de 2024 (martes), ás 10:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo

Burela, 20 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”

R. 2823

---

*Anuncio*

**LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA UAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-**

Por esta Alcaldía en data 20/09/2024 ditouse resolución nº 2024-0902 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 27/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1280 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de TRABALLADOR/A SOCIAL DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS, grupo A2, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 298 de 30/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

**A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Lorena María García García	***5118***	NON EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289***	EXENTA
Almudena González Rego	***8016***	EXENTA
María Teresa Lanza Méndez	***9461***	EXENTA
Ana María Martínez Neira	***3513***	EXENTA
Basilisa Nogueira Rodríguez	***7618***	EXENTA
Noela Nebriil Rodríguez	***3701***	EXENTA
Beatriz Pereiro Sordo	***3578***	EXENTA

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: D. Jesús Cartelle Fernandez. Xefe do servizo da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Ribeira.

Suplente: D. Juan José Sieira Valiño. Psicólogo Clínico no CHUO.

**VOGAIS.-**

Titular: D<sup>a</sup>. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do centro de saúde de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. María José Cortés Canay. Directora Distrito Sanitario da Mariña.

Titular: D<sup>a</sup>. María José García Veiga. Traballadora Social do Concello de Lourenzá.

Suplente: D<sup>a</sup>. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Titular: D<sup>a</sup> María Lourdes Suárez Fernández. Xefa de Servizo-Psicóloga da UCA (Unidade de Condutas Aditivas) de Carballo.

Suplente: D<sup>a</sup>. Rocio Valle Fraga. Avogada do CIM do Concello de Burela..

**SECRETARIO/A.-**

Titular: D<sup>a</sup>. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. Begoña Teijeiro Campo. Secretaria do Concello de Barreiros.

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 15 de outubro de 2024 (martes), ás 11:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo

Burela, 20 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino"

R. 2824

*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0905 de data 23/09/2023 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a selección dun/dunha técnico/a de orientación laboral:

**“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP) .-**

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento que se levará a cabo para a selección dun/dunha Técnico/a para a realización de actividades de orientación laboral ao abeiro do programa de carácter temporal de orientación laboral para a activación do emprego aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2023-0835 de 13/09/2023, de acordo coa subvención que para o financiamento dos custos derivados desta contratación/nomeamento concede a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde do 22 de decembro de 2023.

Características do posto:

-Grupo/Subgrupo profesional: A/A2

-Réxime Xurídico: Funcionarial (Funcionario interino do artigo 10.1.c/ "execución de programas de carácter temporal" do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

-Duración do nomeamento: Ata 21 de outubro de 2025 consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde de 22/12/2023.

-Xornada: A tempo completo (100%)

-Retribucións mensuais: salario Grupo/Subgrupo profesional A2 ; complemento de destino nivel 18 ; complemento específico: 75,76 €, parte proporcional de paga extra.

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello (<https://burela.sedelectronica.es>) e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

### 2.- FUNCIONS DO POSTO.

As sinaladas no artigo 3 da orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (DOG núm. 13 de 18/01/2024)..

### 3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión da seguinte titulación académica: diplomatura universitaria ou grao en educación social, ciencias empresariais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, relacións laborais, graduado social ou equivalentes.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato á formalización do contrato de traballo. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Burela, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado contrato de traballo deixaría de ter validez.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

#### 4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

**4.1. Forma de presentación.** As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. Alcadesa do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

**4.2. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 5 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

**4.3. Forma de cumprimentar.** A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

#### 5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Fotocopia da titulación académica esixida para presentarse ao proceso

c) Documentación acreditativa dos méritos alegados, con certificado de vida laboral.

d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

e) Currículo completo facendo constar os méritos a baremar de acordo coa táboa recollida na base 8.1 das presentes (fase de concurso).

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo publico emisor.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala na base 8ª determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de

instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

## 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

**6.1. Listaxe provisional.** Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas (neste suposto con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica do Concello (<https://burela.sedelectronica.es>), exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas admitidas decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

### 6.2. Prazo de alegacións.

Concederáse un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento da persoa interesada, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

**6.3. Listaxe definitiva.** As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

## 7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

**7.1.- Composición do Tribunal.** O Tribunal de selección acomodaráse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica do Concello a efectos de recusación.

### 7.2.- Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas nas que consideren conveniente oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

No suposto de incorporarse asesores, estes só terán voz.

**7.3.- Abstención e recusación:** Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo



23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A Alcaldesa ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución farase pública nos mesmos lugares que a anterior.

**7.4.- Actuación do Tribunal:** O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

## 8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

### 8.1.-FASE DE CONCURSO ( Máximo 9,25 puntos)

O Tribunal examinará os currículos presentados de acordo co baremo recollido na Orde do 22 de decembro de 2023:

<b>Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:</b>	
Requisitos de titulación:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Título universitario de diplomado/a universitario/a ou grao.</li> </ul>	
Requisitos de puntuación:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3,5 puntos.</li> </ul>	
Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
Máster ou cursos de orientación laboral (integración laboral, inserción laboral, orientación/integración profesional).	0,50 puntos por cada 25 horas formativas
Formación complementaria relacionada coas tarefas definidas no artigo artigo 3 da orde de 22 de decembro de 2023 (máximo 1 punto)	Puntuación
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Formación sobre a prospección do mercado laboral</li> <li>-Creación de empresas e autoemprego, cooperativas, emprendemento</li> <li>-Mellora de habilidades para o asesoramento e atención no ámbito laboral</li> <li>-Igualdade de oportunidades no ámbito do emprego</li> <li>-Selección de persoal; recursos humanos</li> </ul>	0,25 puntos por cada 25 horas formativas
Experiencia profesional directamente relacionada co posto (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
<p>A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos, acreditarase coa alta en IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos.</p> <p>Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación, orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos por cada mes
Experiencia profesional indirectamente relacionada co posto (máximo 2 puntos)	Puntuación
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (axentes de emprego, prospectores de emprego, axentes de desenvolvemento local, técnicos de emprego en entidades locais...)	0,20 puntos por cada mes
Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 0,75 puntos)	Puntuación
Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.	
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...) Non puntúan os cursos inferiores a 15 horas.	0,10 puntos por cada 15 horas de curso
Outros méritos (0,25 puntos)	Puntuación
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto .	1 punto

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben mediante certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os organismos que acrediten a formación das persoas candidatas, deberán ter carácter oficial ou ser entidades que contan co apoio de institucións oficiais.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

## 8.2 FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición constará das seguintes probas:

8.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatória.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 75 minutos, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con 3 respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunha/s das 50 preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria (Anexo).

O exercicio será cualificado de 0 a 7,5 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 3,75 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non alcancen dita puntuación serán cualificadas como non aptas e quedarán eliminadas.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,15 puntos..
- As respostas incorrectas, en branco ou nulas non puntúan.

8.1.2.- Proba de galego

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentas da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

## 9.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

### 9.1. Calendario para a realización das probas e chamamentos.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización dos exercicios da fase de oposición publicarase na sede electrónica do Concello.

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica do Concello.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

### **9.2. Identificación.**

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistas do DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provistas de dito documento non poderán participar na proba selectiva, quedando decaídas de tódolos seus dereitos e excluídas do proceso selectivo.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

### **9.3 Anonimato.**

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que as probas do proceso selectivo sexan corrixidas sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

A estes efectos empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar nas probas.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal, poderá decidir si se utiliza a mesma tarxeta para todo o proceso selectivo ou unha diferente para cada proba.

## **10.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, sempre que se teña alcanzada na fase de concurso a puntuación mínima de 3,5 puntos e na fase de oposición a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de persoas aspirantes seleccionadas.

No caso de empate entre dous ou máis persoas aspirantes, acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva: 1º puntuación na fase de oposición; 2º puntuación na fase de concurso; 3º puntuación nos apartados do baremo de méritos pola orde establecida na base 8ª. Se persiste o empate acudirase á orde de apelidos que determine para o ano da convocatoria a Secretaría de Estado para a Administración Pública mediante sorteo público para a actuación das persoas aspirantes nas probas selectivas (art. 17 do RD 364/1995).

## **11.- PROPOSTA DE SELECCIÓN**

O/a Presidente/a do Tribunal, á vista das cualificacións finais, formulará proposta de preselección/selección ante o Sra. Alcaldesa-Presidenta a favor da persoa aspirante posuidora da puntuación máis alta.

O Concello, de conformidade co artigo 13 da Orde de 22/12/2023, remitiralle ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación (actual Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego), o currículo acreditado da persoa preseleccionada aos efectos de que proceda ao seu exame e valoración segundo o baremo contido na Orde de convocatoria coa finalidade de verificar si cumpre os requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral; sen este requisito non se poderá formalizar o nomeamento.

Si a xuízo deste órgano, a persoa preseleccionada non alcanza a puntuación mínima exixida, o Concello deberá presentar nova persoa candidata dentro do prazo previsto para a selección e contratación.

Non será precisa a remisión ao Servizo de Orientación Laboral no caso de que a persoa candidata de maior puntuación ou preseleccionada xa fose baremada positivamente ao abeiro dos programas de orientación laboral en exercicios anteriores, á cal se lle considerará vixente dita baremación.

## **12.- LISTA DE RESERVA.**

O órgano de selección elaborara unha proposta complementaria (listaxe de reserva) na que figurarán as persoas aspirantes por rigoroso orde de puntuación co fin de asegurar a cobertura da praza convocada no caso de que se produza a renuncia da persoa aspirante seleccionada con anterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión ou no caso de cese do funcionario/a interino/a ou cando por calquera circunstancia sexa preciso proceder a un novo nomeamento durante o prazo de 12 meses de vixencia dos nomeamentos efectuados conforme ás presentes bases.

Igualmente será de aplicación esta lista no caso de que a persoa candidata preseleccionada polo Concello non alcance a puntuación mínima esixida a xuízo do Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego . En calquera caso, os nomeamentos están supeditadas ao sinalado na cláusula 11ª das presentes e nas instrucións operativas do Servizo de Orientación Laboral .

### **13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Recibida a comunicación do Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación do currículo seleccionado, publicarase na sede electrónica a proposta de nomeamento e a lista de reserva. Igualmente publicarase de non ser necesaria dita remisión.

Con anterioridade á formalización do nomeamento, a persoa aspirante proposta deberá presentar nun prazo máximo de 2 días hábiles a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 4ª:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separadas do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se a persoa aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 4ª, non poderá ser nomeada funcionario interino e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incurrir.

### **14.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.**

Á vista da proposta de selección e constatado que a persoa seleccionada acreditou os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo efectuando o nomeamento como funcionario/a interino/a, formalizándose a toma de posesión.

Ata que non se formalice a mesma, a persoa aspirante proposta non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

### **15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

### **16.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

O tratamento da información axustarase ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

Os datos persoais recollidos na solicitude de admisión serán tratados coa finalidade da xestión das probas selectivas e as comunicacións necesarias para elo e do análise e estudo dos datos relativos a estes procesos selectivos.

O nome, apelidos e número do documento de identidade publicaranse respectando a anonimización esixida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello de Burela tomará medidas para que esa información non sexa indexada polos buscadores da internet.

O Concello de Burela é responsable do tratamento deses datos e publica a súa política de protección de datos en <https://burela.sedelectronica.es>.

Os dereitos de protección de datos dos solicitantes poderanse exercer dirixíndose ao responsable do tratamento por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Burela ou presencialmente a través da rede de oficinas de asistencia en materia de rexistros.

No caso de incumprimento do responsable do tratamento, os interesados poderán reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

## **ANEXO. PROGRAMA DE MATERIAS PARA A FASE DE OPOSICIÓN.**

### **A) MATERIAS COMÚNS:**

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais.
2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.
3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais.
4. O Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. Os interesados. Dereitos dos cidadáns nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións.
7. O persoal ao servizo da administración local. Clases.

### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS:**

1. O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG): Distribución territorial de oficinas de emprego. O portal de emprego. Dereitos e deberes da persoa desempregada inscrita como demandante de emprego. Renovación da demanda. O punto de información. A intermediación laboral, a demanda de emprego e a oferta de emprego no SPEG.
2. O persoal técnico de orientación laboral do SPEG. Accións que desenvolve. Obxectivos e protocolo da entrevista de orientación laboral. Itinerarios personalizados de inserción: características, elaboración e metodoloxía.
3. O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Prestacións por desemprego e subsidios.
4. A Seguridade Social na Constitución española. Principios básicos do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Campo de aplicación. Réxime xeral. Afiliación e cotización.
5. O Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores: Dereitos e deberes dos traballadores; o contrato de traballo; elementos e eficacia do contrato de traballo.
6. Modalidades de contratación recollidas no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
7. Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego: medidas de desenvolvemento da estratexia de emprendemento e emprego novo.

**TERCEIRO.** Que se de publicidade a tal convocatoria a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no taboleiro electrónico do Concello de Burela.”

Burela, 23 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2825

## GUNTÍN

## Anuncio

**CONVOCATORIA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A, PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE GUNTÍN**

Por Acordo do Pleno Extraordinario da Corporación de 12 de ABRIL DE 2024 acordouse crear a praza de laboral fixo de Técnico/a de Atención á Infancia, encargado/a do P.A.I. de Guntín.

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2023 aprobouse a Oferta de Emprego Público para 2023, e publicada integramente e aos oportunos efectos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 26 de data 1 de febreiro de 2023.

Por Resolución da Alcaldía de data 19 de setembro de 2024, en canto ás bases para a provisión das citadas prazas, resolveuse: Aprobar as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A , PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023.

O prazo de presentación de solicitudes, segundo ás bases, será de vinte días hábiles (20) contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Se o último día fora inhábil, prorrogarase ao día seguinte.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria

**<<< BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A , PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023.**

**PRIMEIRO.- Normas Xerais.**

É obxecto da convocatoria a provisión mediante o sistema de oposición libre, de unha praza de Técnico/a de atención á infancia do P.A.I. , encargado/a , encadrada como persoal laboral fixo dentro do cadro de persoal do Concello de Guntín no expediente de Orzamento 2024 aprobado polo Pleno de data 12 de abril de 2024, e publicada a aprobación definitiva do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 112 de mércores 15 de maio de 2024, e ao abeiro da Resolución da Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2023 de aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Guntín para o ano 2023 pola que se aproba a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2023 e publicada no Boletín da Provincia de nº 26 de mércores 1 de febreiro de 2023; e cuxas características son:

Denominación da praza	TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A
Réxime	PERSOAL LABORAL FIXO
Unidade/Área	Servizos Sociais
Titulación esixible	Título Universitario/Técnico/a Superior
Núm. de vacantes	1
Retribucións	19.082,00 €
Sistema selectivo	Oposición

A presente oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público , o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, e o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores na redacción dada a este polo Real Decreto-lei 32/2021.

**SEGUNDO. Modalidade do Contrato e salario.**

A modalidade do contrato será laboral fixo.

A retribución mensual será a prevista no vixente Orzamento Xeral de 2024 do Concello de Guntín.

**TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- f) Estar en posesión dalgunha das titulacións académicas, habilitantes para o persoal das escolas infantís, conforme ao que se recolle no artigo 7 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín (BOP nº 226 de 01/10/2018)

Títulos Universitarios:

- Título de Grao en Educación Infantil.
- Mestre/a especialista en Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil oo Educación Preescolar

Títulos de Formación Profesional:

- Técnico/a Superior en Educación Infantil. Son equivalentes a este os seguintes títulos (conforme á Disposición Adicional 3ª do RD 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o Título de Técnico Superior en Educación Infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e Decreto 226/2008, de 25 de setembro, DOG nº 198, do 13/10/2008):
  - o Técnico Especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
  - o Técnico Superior en Educación en Educación Infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999. Do 11 de marzo

g) Acreditar coñecementos básicos de primeiros auxilios

h) Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.

i) Certificado de delitos sexuais.

j) Posuír o permiso de conducir categoría ou clase C .

No caso de permisos obtidos no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

h) Posuír o certificado de Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias .**

4. 1º. As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO II desta convocatoria , e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O prazo de presentación de instancias é de vinte días hábiles (20) contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Se o último día fora inhábil, prorrogárase ao día seguinte. Dito anuncio publicarase tamén no DOGA.

No caso de presentarse instancias nas oficinas de correos deberase comunicar no mesmo día da presentación ao mail [concellodeguntin@gmail.com](mailto:concellodeguntin@gmail.com), con copia da instancia presentada.

As bases íntegras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es) e no taboleiro de anuncios

Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base terceira, referidos á data en que termine o prazo de presentación de instancias.

A efectos informativos publicarase na páxina web do Concello: : [www.guntin.es](http://www.guntin.es)

4. 2º. A solicitude asinada, Anexo II , deberá ir acompañada por:

- a) Fotocopia de DNI compulsada ou, se ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Fotocopia compulsada da titulación que da acceso a convocatoria.
- c) Fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase C.
- d) Fotocopia do certificado de Celga 4 ou equivalente .
- e) Fotocopia do curso de manipulador de alimentos
- f) Fotocopia de curso de primeiros auxilios
- g) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social

A compulsas da anterior documentación (c,d,e,f,g) deberá facerse polo aspirante que resulte seleccionado.

4. 3º. Os erros de feito que puideran advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

4. 4º. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro de prazo establecido na base 4.1º para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo non se admitiran ningunha petición desta natureza.

#### **QUINTO. Admisión de Aspirantes.**

5. 1º. Relación de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, resolución que será publicada no BOP e no taboleiro e na páxina web do Concello, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión. No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva. A Resolución pola que se aproba a lista definitiva será publicada no BOP, na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es) e no taboleiro de anuncios do Concello. Igualmente, na mesma Resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data e hora do primeiro exercicio.

Durante dez (10) días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 do 01 de outubro poderase solicitar a rectificación de erros e presentar reclamacións ás listas provisionais.

Quen non presente a solicitude da rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de dez días desde a finalización do prazo para presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditou resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

5. 2º. Serán causas de exclusión as sinaladas:

- a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.
- b) A omisión da sinatura na solicitude.
- c) A omisión na solicitude da copia compulsada do DNI.
- d) Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida.
- e) Non aportar fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase C
- f) A presentación da solicitude fora do prazo establecido.
- g) non aportar fotocopia do curso de primeiros auxilios
- h) non aportar fotocopia do curso de manipulador de alimentos

#### **SEXTO. Tribunal Cualificador.**

6.1º. O tribunal que xulgará as probas selectivas da oposición estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais designados pola Alcaldía, de acordo co establecido no art. 60 do Real Decreto



Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, designarase un suplente por cada un dos membros anteriores.

6.2º. Os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e poderán ser recusados do xeito previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 23 do mesmo texto legal.

6.3º. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. No caso de ausencia do Presidente (e da persoa que o supla), será substituído polo vogal que figure primeiro na relación da composición do tribunal, e no seu defecto polo seguinte, e así sucesivamente. No caso de ausencia do Secretario (e da persoa que o supla) será substituída polo vogal que corresponda segundo unha orde inversa á descrita na liña anterior.

6.4º. Asesores técnicos. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno. Limitándose esta asesoría a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas. Os ditos asesores terán voz pero non voto.

6.5º. Abstencións e recusacións. A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Deberán absterse de formar parte dos órganos de selección de persoal:

- Que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á administración pública.

- Quen se atopen incurso en algún dos supostos a que se refire o art. 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusalos na forma que prevé o art. 24 da referida Lei.

6.6º. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións para garantir o debido orde nas mesmas. A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

6.7º. Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

6.8º. Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

6.9º. A designación do Tribunal realizarase na Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento do Proceso. Exercicios.**

O Procedemento de selección desta praza é o de oposición libre .

##### **7. 1º Comezo e desenrolo das probas.-.**

- A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará no BOP de Lugo, na paxina web e no taboleiro de edictos do Concello xunto coa relación de aspirantes admitidos e excluídos.
- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar na oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade

- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convoca o proceso selectivo.
- As posteriores convocatorias e as cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas na páxina web e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.
- Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95 /1991, de 20 de marzo.

#### 7. 2º. A fase de selección do proceso selectivo constará das seguintes probas:

- Constará de 2 exercicios obrigatorios e eliminatorios, debendo estar o seu contido incluído no temario establecido no Anexo I das presentes bases. A puntuación da fase de oposición será de 100 puntos; e un exercicio adicional para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4.
- Con unha antelación mínima de quince días antes do comezo do primeiro exercicio, a Alcaldía anunciará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello ([www.guntin.es](http://www.guntin.es)) a data, hora e local no que terá lugar.

#### 7. 3º. Exercicios.

*A).- Primeiro exercicio:* Consistirá en contestar, durante o período máximo dunha hora a un test de 40 preguntas, segundo o temario que figura no Anexo I. Cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 20 puntos para superala. quen no acade a puntuación mínima quedará eliminado do proceso selectivo. Das preguntas, con respostas alternativas elixirase unha como resposta, puntuando cada unha correcta 1 punto; cada resposta errónea descontará 0,5 puntos; e cada pregunta non contestada equivale a cero puntos. Engadiranse 5 preguntas de reserva, ás que tamén deberán dar resposta, para o caso de que con posterioridade se anulase algunha das preguntas do cuestionario. No caso de esgotarse as preguntas de reserva por causa de anulacións, polo órgano de selección outorgarase a puntuación correspondente, atendendo a criterios de proporcionalidade, á vista das preguntas restantes.

*B).- Segundo exercicio:* Consistirá en contestar por escrito durante un período de 1,5 horas, a 2 temas elixidos polo tribunal dos que figuran nas bases correspondentes a parte do temario específico. Valorarase a formación e nivel de coñecementos, tendo en conta tamén a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo de 30 puntos

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

*C).- Terceiro exercicio:* Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga1. O exercicio de galego para os aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Esta proba non terá carácter eliminatorio, os que non a superen terán dous anos para facer o curso Celga 4. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque.

- Cualificación final: A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios.

- Publicación da relación de aspirantes aprobados.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, na paxina web do Concello da Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es) a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida neste proceso selectivo.

#### **OITAVO.- Cualificación.**

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nos exercicios primeiro e segundo. No caso de empate dirimirase da seguinte forma:

Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no primeiro exercicio.

Segundo por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no segundo exercicio.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

**NOVENO.- Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato.**

A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas. Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais dende que se publique na páxina web do Concello de Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es), os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

- a) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria
- b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.
- d) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- e) Certificado do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación. Neste caso pasarase ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Formalizarase o contrato no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

**DÉCIMO.- Incidencias.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello.

**DÉCIMO PRIMEIRO. Protección de datos**

En cumprimento da obrigaición prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

**1.- DATOS DO RESPONSABLE**

Identidade do responsable do tratamento:

CONCELLO DE GUNTIN, provisto de CIF P2702300A

Domicilio en Crta. De Santiago nº 12, 27211 Guntín, Lugo

Teléfono: 982.32.00.01

Fax: 982.32.00.88

e-mail: [concellodeguntin@gmail.com](mailto:concellodeguntin@gmail.com)

**2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO**

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

### 3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

### 4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Guntín. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

### 5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigaación legal.

### 6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Guntín ou por correo electrónico a [concellodeguntin@gmail.com](mailto:concellodeguntin@gmail.com)

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle.

Guntín, 23 de setembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

## ANEXO I

### Temario

#### MATERIAS COMÚNS:

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. A reforma constitucional O título preliminar da Constitución. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais. A Coroa e atribucións segundo a Constitución.

Tema 2.- Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma

Tema 3.- Principios de actuación das Administracións Públicas.

Tema 4.- O Municipio: organización e competencias. Órganos de goberno e administración do municipio. O termo municipal (especial referencia ao Concello de Guntín: infraestruturas, xeografía, entidades e núcleos de poboación etc).

Tema 5.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conducta. Principios éticos e de conduta. Incompatibilidades

Tema 6.- O Orzamento das Entidades locais. Concepto e contido. Proceso de aprobación do Orzamento. Modificacións Orzamentarias. Liquidación do Orzamento. A conta xeral.

Tema 7.- Calidade de datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación do Regulamento Europeo de Protección de Datos.

#### MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Lei 13/2008, de 3 de decembro. De Servizos Sociais de Galicia. Principios Xerais dos Servizos Sociais. Obxectivos dos Servizos Sociais de Galicia. Dereitos das persoas en relación aos servizos sociais.

Tema 2.- O crecemento e desenvolvemento físico dos nenos/as de 0 a 3 anos. O desenvolvemento social e motor. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.

Tema 3.- A organización do espazo, o materiais e o tempo como recursos didácticos.

Tema 4.- Alimentación e nutrición. Necesidades nutricionais dende o nacemento ata os 3 anos. Trastornos e dificultades da comida. O desenvolvemento de hábitos para a alimentación equilibrada.

Tema 5.- Adquisición de hábitos de autonomía persoal. O control de esfínteres. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene.

Tema 6.- O descanso. Necesidades e ritmos de sono.

Tema 7.- As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís.

Tema 8.- A educación infantil para a saúde. Primeiros auxilios e enfermidades transmisibles mais comúns no/a neno/a de 0-3 anos. Profilaxis pasiva e vacinal dos nenos/as

Tema 9.- A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico. A intervención do educador no xogo infantil.

Tema 10.- O xogo e o aprendizaxe escolar. Tipo e clases de xogos. Materiais e recursos. O recuncho como espazo lúdico e de aprendizaxe. A observación do xogo.

Tema 11.- O papel da familia na educación dos fillos. A familia como elemento imprescindible no proceso educativo. Canles de comunicación do centro coa familia.

Tema 12.- A educación infantil dos nenos con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá.

Tema 13.- Metodoloxías específicas no primeiro ciclo da educación infantil.

Tema 14.- Programación do primeiro ciclo de educación infantil para a consecución de capacidades xerais da etapa mediante a metodoloxía, obxectivos e contidos das áreas no currículo. Adaptacións curriculares.

Tema 15.- O desenvolvemento afectivo. Características da afectividade infantil. O desenvolvemento.

Tema 16.- O ingreso da/o menor no centro infantil. A adaptación. Pautas de xestión da relación familia escola.

Tema 17.- Influencia das principais correntes pedagóxicas e psicolóxicas na educación infantil. A educación infantil na actualidade.

Tema 18.- O conto, o seu valor educativo. Criterios para a seleccionar, utilizar e narrar contos. Actividades a partir do conto.

Tema 19.- Clasificación do maltrato infantil. Indicadores físicos, conductuais e emocionais no maltrato físico e a negligencia.

Tema 20.- O desenvolvemento de diferentes linguaxes: verbal, musical, plástico e matemático na Educación Infantil. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Intervención educativa. Recursos actividades e materiais.

Tema 21.- Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín. BOP nº 203 de 2 de setembro de 2024

**ANEXO II.**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I. , ENCARGADO, PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE GUNTÍN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.**

**I.- DATOS DA PRAZA:**

**DENOMINACIÓN:**

**II.- DATOS PERSOAIS.**

<b>PRIMEIRO APELIDO.</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>	<b>NOME</b>
<b>DNI.</b>	<b>TELÉFONO PARTICULAR</b>	<b>TELÉFONO MÓBIL</b>
<b>DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.</b>	<b>MUNICIPIO E PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>

**EXPOÑO:.**

Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria para cubrir 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I. , ENCARGADO.

Segundo: Que acepto as bases e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión dalgunha das titulacións académicas, habilitantes para o persoal das escolas infantís, conforme a Base Terceira.
- Estar en posesión do título de primeiros auxilios
- Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.
- Certificado de delitos sexuais.
- Estar en posesión do o permiso de conducir categoría ou clase C esixido nas bases que rexen a convocatoria.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- Terceiro: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.
- Cuarto: Que aporto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

**SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Guntín , a ..... de.....de.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO).>>>**

Anuncio publicado en: Num BOP 225 año 2024 (27/09/2024 08:00:00)

*Anuncio***CONVOCATORIA PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE GUNTIN (PAI), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE GUNTÍN**

Por Acordo do Pleno Extraordinario da Corporación de 12 de ABRIL DE 2024 acordouse crear a praza de laboral fixo de Persoal de apoio do P.A.I. de Guntin.

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2023 aprobouse a Oferta de Emprego Público para 2023, e publicada integramente e aos oportunos efectos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 26 de data 1 de febreiro de 2023.

Por Resolución da Alcaldía de data 19 de setembro de 2024, en canto ás bases para a provisión das citadas prazas, resolveuse: Aprobar as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO P.A.I., PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023.

O prazo de presentación de solicitudes, segundo ás bases, será de vinte días hábiles (20) contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Se o último día fora inhábil, prorrogarase ao día seguinte.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO P.A.I., PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023.****PRIMEIRO.- Normas Xerais.**

É obxecto da convocatoria a provisión mediante o sistema de oposición libre, de unha praza de Persoal de Apoio do P.A.I., encadrada como persoal laboral fixo dentro do cadro de persoal do Concello de Guntín no expediente de Orzamento 2024 aprobado polo Pleno de data 12 de abril de 2024, e publicada a aprobación definitiva do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 112 de mércores 15 de maio de 2024, e ao abeiro da Resolución da Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2023 de aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Guntín para o ano 2023 pola que se aproba a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2023 e publicada no Boletín da Provincia de nº 26 de mércores 1 de febreiro de 2023; e cuxas características son:

Denominación da praza	<b>PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.</b>
Réxime	PERSOAL LABORAL FIXO
Unidade/Área	Servizos Sociais
Titulación essixible	Título Universitario-Técnico/a Superior-Diplomado/a
Núm. de vacantes	1
Retribucións	16.696,68
Sistema selectivo	Oposición

A presente oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, e o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores na redacción dada a este polo Real Decreto-lei 32/2021.

**SEGUNDO. Modalidade do Contrato e salario.**

A modalidade do contrato será laboral fixo.

A retribución mensual será a prevista no vixente Orzamento Xeral de 2024 do Concello de Guntín.

**TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:.

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

f) Estar en posesión dalgunha das titulacións académicas, habilitantes para o persoal das escolas infantís, conforme ao que se recolle no artigo 7 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín (BOP nº 226 de 01/10/2018)

- Calquera das titulacións habilitantes para o persoal de atención educativa.

- Técnico/a en atención sociosanitaria. Titulación substituída polo de Técnico/a en Atención a persoas en situación de dependencia, regulada no Real Decreto 1593/2011. De 4 de novembro. BOE Nº 301 DE 15/12/2011)

- Técnico superior en animación sociocultural “e turística” (engadido do derivado do RD 1684/2011)

- Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermería (equivalente Auxiliar de Clínica)

- Diplomado/a en puericultura, recoñecido pola Consellería de Sanidade.

g) Acreditar coñecementos básicos de primeiros auxilios

h) Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.

i) Certificado de delitos sexuais.

j) Posuír o permiso de conducir categoría ou clase C .

No caso de permisos obtidos no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

h) Posuír o certificado de Celga4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias .**

4. 1 °. As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO II desta convocatoria , e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O prazo de presentación de instancias é de vinte días hábiles (20) contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.Se o último día fora inhábil, prorrogarase ao día seguinte. Dito anuncio publicarase tamén no DOGA.

No caso de presentarse instancias nas oficinas de correos deberase comunicar no mesmo día da presentación ao mailconcellodeguntin@gmail.com, con copia da instancia presentada.

As bases íntegras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es) e no taboleiro de anuncios



Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base terceira, referidos á data en que termine o prazo de presentación de instancias.

A efectos informativos publicarase na páxina web do Concello: : [www.guntin.es](http://www.guntin.es)

4. 2 °.A solicitude asinada, Anexo II , deberá ir acompañada por:

- a) Fotocopia de DNI compulsadaou, se ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Fotocopia compulsadada titulación que da acceso a convocatoria.
- c) Fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase C.
- d) Fotocopia do certificado de Celga4 ou equivalente .
- e) Fotocopia do curso de manipulador de alimentos
- f) Fotocopia de curso de primeiros auxilios
- g) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social

A compulsada anterior documentación (c,d,e,f,g)deberá facerse polo aspirante que resulte seleccionado.

4. 3 °. Os erros de feito que puideran advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

4. 4 °. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro de prazo establecido na base 4.1° para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo non se admitiran ningunha petición desta natureza.

#### **QUINTO. Admisión de Aspirantes.**

5. 1°.Relación de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, resolución que será publicada no BOP, no taboleiro e na páxina web do Concello, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión. No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva. A resolución pola que se aproba a lista definitiva será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello [www.guntin.es](http://www.guntin.es). Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunale a data e hora do primeiro exercicio.

Durante dez (10) días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 do 01 de outubro poderase solicitar a rectificación de erros e presentar reclamacións ás listas provisionais.

Quen non presente a solicitude da rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de dez días desde a finalización do prazo para presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditou resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

5. 2°.Serán causas de exclusión as sinaladas:

- a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.
- b) A omisión da sinatura na solicitude.
- c) A omisión na solicitude da copia compulsada do DNI.
- d) Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida.
- e) Non aportar fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase C
- f) A presentación da solicitude fora do prazo establecido.
- g) non aportar fotocopia do curso de primeiros auxilios
- h) non aportar fotocopia do curso de manipulador de alimentos

#### **SEXTO. Tribunal Cualificador.**

6.1°. O tribunal que xulgará as probas selectivas da oposición estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais designados pola Alcaldía, de acordo co establecido no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, designarase un suplente por cada un dos membros anteriores.

**6.2º.** Os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e poderán ser recusados do xeito previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 23 do mesmo texto legal.

**6.3º.** O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. No caso de ausencia do Presidente (e da persoa que o supla), será substituído polo vogal que figure primeiro na relación da composición do tribunal, e no seu defecto polo seguinte, e así sucesivamente. No caso de ausencia do Secretario (e da persoa que o supla) será substituída polo vogal que corresponda segundo unha orde inversa á descrita na liña anterior.

**6.4º.** Asesores técnicos. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno. Limitándose esta asesoría a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas. Os ditos asesores terán voz pero non voto.

**6.5º.** Abstencións e recusacións. A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Deberán absterse de formar parte dos órganos de selección de persoal:

- Que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á administración pública.

- Quen se atopen incurso en algún dos supostos a que se refire o art. 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusalos na forma que prevé o art. 24 da referida Lei.

**6.6º.** O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións para garantir o debido orde nas mesmas. A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

**6.7º.** Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

**6.8º.** Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

**6.9º.** A designación do Tribunal realizarase na Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**SÉTIMO.** Sistemas de Selección e Desenvolvemento do Proceso. Exercicios.

O Procedemento de selección desta praza é o de oposición libre .

### **7. 1º Comezo e desenrolo das probas.-.**

- A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará no BOP de Lugo, na paxina web e no taboleiro de edictos do Concello xunto coa relación de aspirantes admitidos e excluídos.
- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar na oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade

- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convoca o proceso selectivo.
- As posteriores convocatorias e as cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas na páxina web e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.
- Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95 /1991, de 20 de marzo.

#### 7. 2º.A fase de selección do proceso selectivo constará das seguintes probas:

- Constará de 2 exercicios obrigatorios e eliminatorios, debendo estar o seu contido incluído no temario establecido no Anexo I das presentes bases. A puntuación da fase de oposición será de **70 puntos**; e un exercicio adicional para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4.
- Con unha antelación mínima de quince días antes do comezo do primeiro exercicio, a Alcaldía anunciará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello ([www.guntin.es](http://www.guntin.es)) a data, hora e local no que terá lugar.

#### 7.3º- Exercicios

**A).- Primeiro exercicio:** Consistirá en contestar, durante o período máximo dunha hora a un test de 30 preguntas, segundo o temario que figura no Anexo I. Cualificarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 15 puntos para superala. Quen no acade a puntuación mínima quedará eliminado do proceso selectivo. Das preguntas, con respostas alternativas elixirase unha como resposta, puntuando cada unha correcta 1 punto; cada resposta errónea descontará 0,5 puntos; e cada pregunta non contestada equivale a cero puntos. Engadiranse 5 preguntas de reserva, ás que tamén deberán dar resposta, para o caso de que con posterioridade se anulase algunha das preguntas do cuestionario. No caso de esgotarse as preguntas de reserva por causa de anulacións, polo órgano de selección outorgarase a puntuación correspondente, atendendo a criterios de proporcionalidade, á vista das preguntas restantes

**B).- Segundo exercicio:** Consistirá en contestar por escrito durante un período de 1,5 horas, a 2 temas elixidos polo tribunal dos que figuran nas bases correspondentes a parte do temario específico. Valorarase a formación e nivel de coñecementos, tendo en conta tamén a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 40 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo de 20 puntos

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

**C) .- Terceiro exercicio:** Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga1. O exercicio de galego para os aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Esta proba non terá carácter eliminatorio, os que non a superen terán dous anos para facer o curso Celga4. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque.

- Cualificación final: A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios.

- Publicación da relación de aspirantes aprobados.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, na paxina web do Concello da Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es) a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida neste proceso selectivo.

**OITAVO.- Cualificación.**

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nos exercicios primeiro e segundo. No caso de empate dirimirase da seguinte forma:.

Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no primeiro exercicio.

Segundo por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no segundo exercicio.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

**NOVENO.- Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato.**

A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas.Os aspirantes

propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais dende que se publique na páxina web do Concello de Guntín [www.guntin.es](http://www.guntin.es), os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

- a) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria
- b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.
- c) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- d) Certificado do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación. Neste caso pasarase ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Formalizarase o contrato no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

#### **DÉCIMO.- Incidencias.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello.

#### **DÉCIMO PRIMEIRO. Protección de datos**

En cumprimento da obrigaçión prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

##### **1.- DATOS DO RESPONSABLE**

###### **Identidade do responsable do tratamento:**

CONCELLO DE GUNTIN, provisto de CIF P2702300A

Domicilio en Crta. De Santiago nº 12, 27211Guntín, Lugo

Teléfono: 982.32.00.01

Fax: 982.32.00.88

e-mail: [concellodeguntin@gmail.com](mailto:concellodeguntin@gmail.com)

##### **2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO**

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

##### **3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO**

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa

voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

#### **4.- LEXITIMACIÓN**

##### **Base Xurídica do tratamento**

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Guntín. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

#### **5.- DESTINATARIOS**

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigaación legal.

#### **6.- DEREITOS**

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Guntín ou por correo electrónico [aconcellodeguntin@gmail.com](mailto:aconcellodeguntin@gmail.com)

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle.

Guntín, 23 de setembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

#### **ANEXO I.**

Temario

##### **MATERIAS COMÚNS.**

**Tema 1.-** A Constitución Española de 1978. O título preliminar da Constitución. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. Estrutura e contido esencial.

**Tema 2.-** O Municipio; organización e competencias. Órganos de goberno e administración do municipio. O termo municipal (especial referencia ao Concello de Guntín: infraestruturas, xeografía, entidades e núcleos de poboación. etc).

**Tema 3.-** O persoal o servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Incompatibilidades

**Tema 4.-** O Municipio: concepto, elementos. O Orzamento das Entidades locais. Concepto e contido. Proceso de aprobación do Orzamento. Modificacións Orzamentarias. Liquidación do Orzamento. A conta xeral.

**Tema 5.-** Calidade de datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación do Regulamento Europeo de Protección de Datos.

##### **MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 1.-** Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Principios Xerais dos Servizos Sociais. Obxectivos dos Servizos Sociais de Galicia. Dereitos das persoas en relación aos servizos sociais.

**Tema 2.-** O ingreso da/o menor no centro infantil. A adaptación. Pautas de xestión da relación familia escola.

**Tema 3.-** Alimentación e nutrición. Necesidades nutricionais dende o nacemento ata os 3 anos. Trastornos e dificultades da comida. O desenvolvemento de hábitos para a alimentación equilibrada.

**Tema 4.-** Adquisición de hábitos de autonomía persoal. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene. Alteracións relacionadas coa hixiene.

**Tema 5.-** O descanso. Necesidades e ritmos de sono.

**Tema 6.-** As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís. Primeiros auxilios.

**Tema 7.-** O desenvolvemento motor. A psicomotricidade. Alteracións e trastornos motores no neno e na nena.

**Tema 8.-** A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico.

**Tema 9.-** Educación para a saúde. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades transmisibles máis comúns no neno/a de 1-3 anos.

**Tema 10.-** A gardería como espazo de aprendizaxe e socialización.

**Tema 11.-** Regulamento e réxime interior do Punto de Atención Á Infancia Concello de Guntín (BOP nº 203 de 2 de setembro de 2024)

**ANEXO II.**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR 1 PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO P.A.I., PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE GUNTÍN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.**

**I.- DATOS DA PRAZA:**

DENOMINACIÓN:

**II.- DATOS PERSOAIS.**

PRIMEIRO APELIDO.	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

**EXPOÑO:.**

**Primeiro:** Que son coñecedor da convocatoria para cubrir 1 PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.

**Segundo:** Que acepto as bases e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Estar en posesión dalgunha das titulacións académicas, habilitantes para o persoal das escolas infantís, conforme ao que se recolle na Base Terceira

Estar en posesión do título de primeiros auxilios

Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.

Certificado de delitos sexuais.

Estar en posesión do o permiso de conducir categoría ou clase C esixido nas bases que rexen a convocatoria.

Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

**Terceiro:** Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

**Cuarto:** Que aporoto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

**SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Guntín, a ..... de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO).

R. 2827

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 19 de setembro de 2024, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de outubro ao 22 de novembro de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 19 de setembro de 2024.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2828

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 14 de maio de 2024 prestou aprobación inicial á ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, someteuse ao trámite de información pública, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 141 de 19 de xuño de 2024 así como na páxina web municipal coa mesma data, preséntandose alegacións pola Asociación Provincial de Empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo(Lugomadera).

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2024 adoptou acordo ao respecto, procedendo á aprobación da redacción definitiva da ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 12 de setembro de 2024, así como a redacción

definitiva da ordenanza:

**“PUNTO TERCEIRO: RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO ESPECIAL DAS VÍAS MUNICIPAIS E APROBACION DEFINITIVA.**

Dáse conta da proposta de alcaldía de data 12/09/2024 e que literalmente dí

” PROPOSTA DE ACORDO

Visto que polo Pleno deste concello, en sesión extraordinaria de data 14 de maio de 2024, se aprobou inicialmente a Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades



extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Visto que se procedeu á publicación de anuncio da aprobación inicial da dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 141, de data 19 de xuño, así como na páxina web municipal coa mesma data. Así mesmo publicouse o texto integro da Ordenanza na sede electrónica do concello con data 19/06/2024.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma segundo consta en certificación de Secretaría

Á vista das alegacións presentadas desde este concello emitiuse informe xurídico e tendo en conta o mesmo, emítense os seguintes pronunciamentos ao respecto das alegacións presentadas:

**ASUNTO: INFORME XURÍDICO ALEGACIÓNS ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E CANTEIRAS**

María García ferro, Secretaria Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo) en base as atribucións do artigo 3 do RD 128/2018, de réxime xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Xeral, emito o seguinte **INFORME**:

**ANTECEDENTES**

1º.- O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro prestou aprobación inicial ao “proxecto de Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras”.

2º.- Sometida á preceptiva información pública (BOP núm. 141 do 19 de xullo de 2024), por Dona M.<sup>a</sup> del Carmen Gayoso Montenegro en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de la 1ª transformación de la madeira de Lugo (Lugomadera, formúlense alegacións

**MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA**

Vén constituído polas seguintes Normas

1.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Artículo 4

1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

b) Las potestades tributaria y financiera”

(...)

2.- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto refundido da Lei de facendas locais

Artículo 6 Principios de tributación local

Los tributos que establezcan las entidades locales al amparo de lo dispuesto en el artículo 106.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril (LA LEY 847/1985), Reguladora de las Bases del Régimen Local, respetarán, en todo caso, los siguientes principios:

a) No someter a gravamen bienes situados, actividades desarrolladas, rendimientos originados ni gastos realizados fuera del territorio de la respectiva entidad.

b) No gravar, como tales, negocios, actos o hechos celebrados o realizados fuera del territorio de la Entidad impositora, ni el ejercicio o la transmisión de bienes, derechos u obligaciones que no hayan nacido ni hubieran de cumplirse en dicho territorio.

c) No implicar obstáculo alguno para la libre circulación de personas, mercancías o servicios y capitales, ni afectar de manera efectiva a la fijación de la residencia de las personas o la ubicación de empresas y capitales dentro del territorio español, sin que ello obste para que las entidades locales puedan instrumentar la ordenación urbanística de su territorio.

Artículo 20 Hecho imponible

1. Las entidades locales, en los términos previstos en esta ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

A) La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local.

(...)

3.- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

Artículo 18 Indisponibilidade del crédito tributario

El crédito tributario es indisponible salvo que la ley establezca otra cosa.

Artículo 19 Obligación tributaria principal

La obligación tributaria principal tiene por objeto el pago de la cuota tributaria.

Artículo 20 Hecho imponible

1. El hecho imponible es el presupuesto fijado por la ley para configurar cada tributo y cuya realización origina el nacimiento de la obligación tributaria principal.

2. La ley podrá completar la delimitación del hecho imponible mediante la mención de supuestos de no sujeción.

**Artículo 21 Devengo y exigibilidad**

1. El devengo es el momento en el que se entiende realizado el hecho imponible y en el que se produce el nacimiento de la obligación tributaria principal.

La fecha del devengo determina las circunstancias relevantes para la configuración de la obligación tributaria, salvo que la ley de cada tributo disponga otra cosa.

2. La ley propia de cada tributo podrá establecer la exigibilidad de la cuota o cantidad a ingresar, o de parte de la misma, en un momento distinto al del devengo del tributo.

**CONSIDERACIONES XURÍDICAS**

**ALEGACIÓN 1º INCOMPETENCIA E DESVIACIÓN DE PODER.**

Alégase en primeiro lugar a falta de competencia do concello de Pedrafita do Cebreiro para ditar a Ordenanza.

O uso especial vén sendo delimitando pola doutrina seguindo dous criterios, un negativo e outro positivo.

O negativo, consiste en que non ha impedirse o uso común, pois, pola contra, estaríase ante un uso privativo, sometido a distinto réxime xurídico.

O positivo, reclama a concorrencia dunhas circunstancias peculiares, como son a perigosidade ou a intensidade, a preferencia nos casos de escaseza ou a obtención dunha rendabilidade singular.

A identificación destas circunstancias singulares corresponde á Administración, que, entre outros principios reitores, ha de ter en conta a dedicación preferente ao uso común fronte ao seu uso especial

A doutrina (Morell Ocaña) vén considerando que o uso especial ha de reunir tres notas:

-compatibilidade co uso xeral, posto que a exclusividade desvirtuaría a figura.

-subsidiariedade do uso especial con respecto ao uso xeral, que sería unha consecuencia da característica anterior.

- indemnidade do ben tralo uso intensivo do mesmo.

O uso especial sométese á condición da obtención do correspondente título habilitante, autorización segundo o apartado 2 del artículo 86 da 33/2003, ou dunha licenza nos termos do artigo 77 do Regulamento de bens das EELL.

En calquera dos casos, sexa autorización ou sexa licenza, estamos diante dun control previo ao exercicio do uso especial.

Do contido da Ordenanza Fiscal o que se grava é o o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, ao entenderse que estas actividades supoñen un uso especial con respecto o uso xeral.

O artigo 20 do RDL 2/2024 recolle que “1. Las entidades locales, en los términos previstos en esta ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

A) La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local.”

Tal e como se recolle no preámbulo e articulado da Ordenanza Fiscal xustifícase a intensidade do uso das actividades extractivas no dominio público local e o deterioro das estradas municipais sen que esta taxa afecte ou infira na propia actividade forestal.

#### **ALEGACIONES 2ª.- Establecemento de trabas á actividade empresarial e libre concorrencia.**

Esta alegación refírese as trabas impostas ás empresas adicadas á madeira podendo pedirse copia da póliza RC. Considérase que ao facilitar se o modelo de solicitude autorellenable non supón un traballo inasumible polos autónomos e pequenas empresas do sector. Así mesmo a taxa pode ser aboada por transferencia bancaria ou outro método de pagamento que no implique desprazamentos.

O uso especial do dominio público local regulado no RD 1372/1986 no artigo 77 establece

1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general.

2. Las licencias se otorgarán directamente, salvo si por cualquier circunstancia se limitare el número de las mismas, en cuyo caso lo serán por licitación y, si no fuere posible, porque todos los autorizados hubieren de reunir las mismas condiciones, mediante sorteo.

3. No serán transmisibles las licencias que se refieran a las cualidades personales del sujeto o cuyo número estuviere limitado; y las demás, lo serán o no según se previera en las Ordenanzas.

Non é posible cambiar o instrumento de intervención administrativa de autorización ou licenza a declaración responsable o comunicación de acordo coa lexislación vixente.

#### **ALEGACIÓN 3ª.- INFRACCIÓN DO PRINCIPIO DE LEGALIDADE.**

Na alegación fálase do exercicio de potestade sancionadora e que o concello carece de competencias ao respecto. Sinalar que o título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local habilitou en determinados ámbitos a tipificación de infraccións e sanción, entre eles, a defensa do dominio público local, tendo amparo legal.

#### **ALEGACIÓN 4ª.- CARENIA DE OBXECTO DA TAXA**

Como xa se explicou na alegación primeira a lei habilita a gravar cunha taxa o uso especial ou aproveitamento especial estando xustificado no expediente administrativo a intensidade de uso das estradas municipais polas actividades extractivas de madeira.

#### **ALEGACIÓN 5ª.- SUPRESIÓN DO ARTIGO 8 DA ORDENANZA XERAL**

Trátase dun erro a referencia á fianza debendo suprimirse.

#### **ALEGACIÓN 6ª.- MEDIOS DE PROBA**

A informante non ten os datos para o estudo dos gastos e inversións nos últimos tres anos en mantemento de camiños distinguindo aqueles que son usados como vías de saca e aqueles que non, que permita á análise do uso especial

Este é o meu informe sen prexuízo doutro máis axustado a dereito.

En Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica

Visto o devandito informe de data 5/09/2024 , e visto o proxecto de Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e de conformidade co disposto nos artigos 22.2d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por D. Mª del Carmen Gayoso Montenegro en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo (Lugomadera), á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar con carácter definitivo a Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro, cuxo texto literal é o que segue:

#### **ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostibilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráfico en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráfico referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 74.3.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sendo certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación da corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan..

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrínsecamente a regulación do uso de aquilo que se pretende conservar, mediante actos de tutela e defensa...las autoridades competentes para a conservación, lo son asimismo, para a vigilancia e regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto " ...con carácter general en principio, no son iguais, nin sirven por ello los términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros ( no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte"

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das

disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A exigencia de licenza municipal para para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:

“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.

- A exigencia da prestación dunha garantía que cubra preventivamente o risco de deterioro especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

## **TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO**

### **Artigo 1.- Obxecto e fundamento.**

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Pedrafita do Cebreiro establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras que poidan existir no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provenientes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

### **Artigo 2.-Actividades excluídas.**

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpezas de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras

### **Artigo.3.- Definicións.- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:**

- Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.
- Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros,calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.
- Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).
- Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas

propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

- Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra, etc.

**Artigo 4.- Ámbito de aplicación.-** O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Pedrafita do Cebreiro, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

#### **TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO**

**Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.-** Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente, ou en calquera outro dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

1. Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
2. Especie de madeira obxecto da corta.
3. Volume de madeira que se prevé extraer.
4. Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
5. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
6. Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
7. Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.
8. Copia auténtica da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
9. No suposto de canteiras, copia auténtica das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
10. Copia auténtica do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
11. Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude, cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a solicitude de licenza, sen prexuízo da correspondente sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación do mesma.

**Artigo 6.- Responsables.-** A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

**Artigo 7.- Obrigas.-** A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira . A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de 20 días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

**Artigo 8.- Requirimentos. Normas comúns sobre o incumprimento e execución subsidiaria.-(SUPRIMIDO)** Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non podará exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, repercutindo contra o obrigado, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

O Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

## TÍTULO II INFRACCIÓNS E SANCIÓN

**Art. 9.- infraccións.-** Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparelada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

**Constitúen infraccións moi graves:**

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor superior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

**Constitúen infraccións graves:**

- Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor igual ou inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

**Art. 10.- Sancións.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:**

- Infraccións leves: multa de ata 300,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerese pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

**Primeira.-** A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

**Segunda.-** A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”



**ANEXO I****SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira		
Denominación:		
N.I.F./C.I.F.:		
Enderezo:		
Teléfono:		
Representante/ Responsable da empresa:		
N.I.F. do representante/responsable:		
Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta:		
Volumen total da madeira (t) / áridos (metro lineal aglomerado/asfaltado/zahorra) a extraer:		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar e parroquia:		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
Datas previstas de inicio e remate:		
Lugar onde se depositará a madeira/áridos:		
Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada/áridos:		
Documentación: - CIF da empresa solicitante e DNI do representante. - Identificación do camiño ou vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo. - Copia auténtica da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma. - No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate. - Copia auténtica do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións. - Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de extracción de madeira/áridos (anexo II).		

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ESTADO DOS CAMIÑOS ANTES DAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

**DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

Que os camiños ou vías públicas municipais que se van empregar para o transporte da madeira cortada/áridos, e que se sinalan na solicitude da licenza (anexo I) están no seguinte estado de conservación:

- MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN
- BO ESTADO DE CONSERVACIÓN

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

## ANEXO III

## COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA

Datos da empresa concesionaria da licenza
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

## COMUNICA:

Que os traballos obxecto da licenza municipal por actividades extractivas da madeira/canteiras concedida por resolución de Alcaldía de data \_\_\_\_\_, remataron en data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

**TERCEIRO.** Publicar este acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O pleno da corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA: aprobar a proposta de alcaldía transcrita en dito acordo.”

Segundo o disposto no art. 10 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comencarán a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R, 2829

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 14 de maio de 2024 prestou aprobación inicial á Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, someteuse ao trámite de información pública, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 141 de 19 de xuño de 2024 así como na páxina web municipal coa mesma data, preséntandose alegacións pola Asociación Provincial de Empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo(Lugomadera).

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2024 adoptou acordo ao respecto, procedendo á aprobación da redacción definitiva da o Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 12 de setembro de 2024, así como a redacción definitiva da ordenanza:

#### **“PUNTO CUARTO: RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO ESPECIAL DAS VÍAS MUNICIPAIS E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Dáse conta da proposta de alcaldía de data 12/09/2024 e que literalmente dí

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

Visto que polo Pleno deste concello, en sesión extraordinaria de data 14 de maio de 2024, se aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Visto que se procedeu á publicación de anuncio da aprobación inicial da dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 1841 de data 19 de xuño de 2024, así como na páxina web municipal coa mesma data. Así mesmo publicouse o texto íntegro da Ordenanza na sede electrónica do concello con data 19/06/2024.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma segundo consta en certificación de Secretaría.

Á vista das alegacións presentadas desde este concello solicitouse informe xurídico, e tendo en conta o mesmo, emitense os seguintes pronunciamentos ao respecto das alegacións presentadas:

#### **ASUNTO: INFORME XURÍDICO ALEGACIÓNS ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO ESPECIAL DAS VÍAS MUNICIPAIS.**

María García ferro, Secretaria Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo) en base as atribucións do artigo 3 do RD 128/2018, de réxime xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Xeral , emito o seguinte INFORME:

#### **ANTECEDENTES**

1º.- O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro prestou aprobación inicial ao “proxecto de Ordenanza FISCAL, reguladora da polo uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras”.

2º.- Sometida á preceptiva información pública (BOP núm. 141 do 19 de xullo de 2024), por Dona M.<sup>a</sup> del Carmen Gayoso Montenegro en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de la 1ª transformación de la madeira de Lugo (Lugomadera, formúlense alegacións

#### **MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA**

Vén constituído polas seguintes Normas

1.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

#### **Artículo 4**

1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

b) Las potestades tributaria y financiera”

(...)

2.- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto refundido da Lei de facendas locais

#### **Artículo 6 Principios de tributación local**

Los tributos que establezcan las entidades locales al amparo de lo dispuesto en el artículo 106.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril (LA LEY 847/1985), Reguladora de las Bases del Régimen Local, respetarán, en todo caso, los siguientes principios:

a) No someter a gravamen bienes situados, actividades desarrolladas, rendimientos originados ni gastos realizados fuera del territorio de la respectiva entidad.

b) No gravar, como tales, negocios, actos o hechos celebrados o realizados fuera del territorio de la Entidad impositora, ni el ejercicio o la transmisión de bienes, derechos u obligaciones que no hayan nacido ni hubieran de cumplirse en dicho territorio.

c) No implicar obstáculo alguno para la libre circulación de personas, mercancías o servicios y capitales, ni afectar de manera efectiva a la fijación de la residencia de las personas o la ubicación de empresas y capitales dentro del territorio español, sin que ello obste para que las entidades locales puedan instrumentar la ordenación urbanística de su territorio.

#### **Artículo 20 Hecho imponible**

1. Las entidades locales, en los términos previstos en esta ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

A) La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local.

(...)

3.- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

#### **Artículo 18 Indisponibilidad del crédito tributario**

El crédito tributario es indisponible salvo que la ley establezca otra cosa.

#### **Artículo 19 Obligación tributaria principal**

La obligación tributaria principal tiene por objeto el pago de la cuota tributaria.

#### **Artículo 20 Hecho imponible**

1. El hecho imponible es el presupuesto fijado por la ley para configurar cada tributo y cuya realización origina el nacimiento de la obligación tributaria principal.

2. La ley podrá completar la delimitación del hecho imponible mediante la mención de supuestos de no sujeción.

#### **Artículo 21 Devengo y exigibilidad**

1. El devengo es el momento en el que se entiende realizado el hecho imponible y en el que se produce el nacimiento de la obligación tributaria principal.

La fecha del devengo determina las circunstancias relevantes para la configuración de la obligación tributaria, salvo que la ley de cada tributo disponga otra cosa.

2. La ley propia de cada tributo podrá establecer la exigibilidad de la cuota o cantidad a ingresar, o de parte de la misma, en un momento distinto al del devengo del tributo.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### **ALEGACIÓN 1º INCOMPETENCIA E DESVIACIÓN DE PODER.**

Alégase en primeiro lugar a falta de competencia do concello de Pedrafita do Cebreiro para ditar a Ordenanza.

O uso especial vén sendo delimitando pola doutrina seguindo dous criterios, un negativo e outro positivo.

O negativo, consiste en que non ha impedirse o uso común, pois, pola contra, estaríase ante un uso privativo, sometido a distinto réxime xurídico.

O positivo, reclama a concorrencia dunhas circunstancias peculiares, como son a perigosidade ou a intensidade, a preferencia nos casos de escaseza ou a obtención dunha rendabilidade singular.

A identificación destas circunstancias singulares corresponde á Administración, que, entre outros principios reitores, ha de ter en conta a dedicación preferente ao uso común fronte ao seu uso especial

A doutrina (Morell Ocaña) vén considerando que o uso especial ha de reunir tres notas:

-compatibilidade co uso xeral, posto que a exclusividade desvirtuaría a figura.

-subsidiariedade do uso especial con respecto ao uso xeral, que sería unha consecuencia da característica anterior.

- indemnidade do ben tralo uso intensivo do mesmo.

O uso especial sométese á condición da obtención do correspondente título habilitante, autorización segundo o apartado 2 del artículo 86 da 33/2003, ou dunha licenza nos termos do artigo 77 do Regulamento de bens das EELL.

En calquera dos casos, sexa autorización ou sexa licenza, estamos diante dun control previo ao exercicio do uso especial.

Do contido da Ordenanza Fiscal o que se grava é o o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, ao entenderse que estas actividades supoñen un uso especial con respecto o uso xeral.

O artigo 20 do RDL 2/2024 recolle que “1. Las entidades locales, en los términos previstos en esta ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

A) La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local.”

Tal e como se recolle no preámbulo e articulado da Ordenanza Fiscal xustifícase a intensidade do uso das actividades extractivas no dominio público local e o deterioro das estradas municipais sen que esta taxa afecte ou infira na propia actividade forestal.

#### **ALEGACIÓN 2ª.- Establecemento de trabas á actividade empresarial e libre concorrencia.**

Esta alegación refírese as trabas impostas ás empresas adicadas á madeira podendo pedirse copia da póliza RC. Considérase que ao facilitar se o modelo de solicitude autorellenable non supón un traballo inasumible polos autónomos e pequenas empresas do sector. Así mesmo a taxa pode ser aboada por transferencia bancaria ou outro método de pagamento que no implique desprazamentos.

O uso especial do dominio público local regulado no RD 1372/1986 no artigo 77 establece

1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general.

2. Las licencias se otorgarán directamente, salvo si por cualquier circunstancia se limitare el número de las mismas, en cuyo caso lo serán por licitación y, si no fuere posible, porque todos los autorizados hubieren de reunir las mismas condiciones, mediante sorteo.

3. No serán transmisibles las licencias que se refieran a las cualidades personales del sujeto o cuyo número estuviere limitado; y las demás, lo serán o no según se previera en las Ordenanzas.

Non é posible cambiar o instrumento de intervención administrativa de autorización ou licenza a declaración responsable o comunicación de acordo coa lexislación vixente.

#### **ALEGACIÓN 3ª.- INFRACCIÓN DO PRINCIPIO DE LEGALIDADE.**

Na alegación fálase do exercicio de potestade sancionadora e que o concello carece de competencias ao respecto. Sinalar que o título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local habilitou en determinados ámbitos a tipificación de infraccións e sanción, entre eles, a defensa do dominio público local, tendo amparo legal.

#### **ALEGACIÓN 4ª.- CARENIA DE OBXECTO DA TAXA**

Como xa se explicou na alegación primeira a lei habilita a gravar cunha taxa o uso especial ou aproveitamento especial estando xustificado no expediente administrativo a intensidade de uso das estradas municipais polas actividades extractivas de madeira.

#### **ALEGACIÓN 5ª.- SUPRESIÓN DO ARTIGO 8 DA ORDENANZA XERAL**

Trátase dun erro a referencia á fianza debendo suprimirse.

#### **ALEGACIÓN 6ª.- MEDIOS DE PROBA**

A informante non ten os datos para o estudo dos gastos e inversións nos últimos tres anos en mantemento de camiños distinguindo aqueles que son usados como vías de saca e aqueles que non, que permita á análise do uso especial

Este é o meu informe sen prexuízo doutro máis axustado a dereito.

Visto o devandito informe de data 5 de setembro 2024, e visto o proxecto de Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e de conformidade co disposto nos artigos 22.2d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por Dona M.<sup>a</sup> del Carmen Gayoso Montenegro, en representación da Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da madeira de Lugo (Lugomadera) , á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar con carácter definitivo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro, cuxo texto literal é o que segue:

**TERCEIRO.** Publicar este acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal. “

O pleno da corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por Dona M.<sup>a</sup> del Carmen Gayoso Montenegro, en representación da Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da madeira de Lugo (Lugomadera) , á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar con carácter definitivo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro, cuxo texto literal é o que segue: “

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

##### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

**ARTIGO 4. RESPONSABLES**

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e lousa, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou lousa por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- 0,60 €/tonelada (t) de madeira.
- Canteiras (Cuota anual):
- 3,6 €/metro lineal de aglomerado
- 2,10 €/metro lineal de asfaltado
- 1,20 €/metro lineal de zahorra

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

**ARTIGO 6. EXENCIÓNS**

Quedan exentos do pago desta taxa:

- Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...
- En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...
- Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:
- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpeza de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras



## ARTIGO 7. DEVEÑO

A taxa devindicárase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a correspondente licenza ou autorización para a realización das actividades que constitúan o feito imponible da taxa, unha vez tramitado o correspondente expediente iniciado coa presentación da solicitude polo suxeito pasivo.

## ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal, no modelo establecido no anexo I da presente ordenanza, facendo constar os seguintes extremos:

- Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.
- Copia auténtica da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia auténtica das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
- Copia auténtica do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira/mineira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da extracción de madeira/áridos, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vivente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza. No caso de que na declaración responsable se manifeste o mal estado dos camiños ou vías municipais, aportaranse fotografías dos mesmos que o acrediten.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viarios, ou nas infraestruturas anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude, e para o caso de que a declaración responsable manifeste o mal estado dos camiños, con carácter previo á utilización dos mesmos, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar.

8.4.- A utilización dos camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos, no modelo establecido como anexo III. Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, se produciron nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por persoal municipal ao que se lle encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de un (1) mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo

contra este o importe da reparación dos danos. Se os danos causados fosen irreparables, o Concello será indemnizado nunha contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe da deterioración ocasionada. No caso de que sexan varios os que utilicen simultaneamente os mesmos camiños municipais, e existan danos, procederase a unha distribución proporcional das responsabilidades entre os diversos usuarios.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeira e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Pedrafita do Cebreiro, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

#### **ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras (artigos 11 e 12).

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

#### **ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE**

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en diante.

#### **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 12 de setembro de 2024, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira		
Denominación:		
N.I.F./C.I.F.:		
Enderezo:		
Teléfono:		
Representante/ Responsable da empresa:		
N.I.F. do representante/responsable:		
Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta:		
Volume total da madeira (t) / áridos (t) a extraer:		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar e parroquia:		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
Datas previstas de inicio e remate:		
Lugar onde se depositará a madeira/áridos:		
Viaro municipal a empregar para o transporte da madeira cortada/áridos:		
Documentación: -CIF da empresa solicitante e DNI do representante. -Identificación do camiño ou vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo. -Copia auténtica da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma. -No suposto de canteiras, copia auténtica das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate. -Copia auténtica do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira/mineira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da extracción de madeira/áridos, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións. -Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de extracción de madeira/áridos (anexo II). -Fotografías do estado dos camiños/vías municipais, de ser o caso.		

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

## ANEXO II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ESTADO DOS CAMIÑOS ANTES DAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

## DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os camiños ou vías públicas municipais que se van empregar para o transporte da madeira cortada/áridos, e que se sinalan na solicitude da licenza (anexo I) están no seguinte estado de conservación:

-MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN

-BO ESTADO DE CONSERVACIÓN

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

## ANEXO III

## COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA

Datos da empresa concesionaria da licenza
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

## COMUNICA:

Que os traballos obxecto da licenza municipal por actividades extractivas da madeira/canteiras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data \_\_\_\_\_, remataron en data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

Pedrafita do Cebreiro, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO”

**TERCEIRO.** Publicar este acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Pedrafita do Cebreiro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal.”

Segundo o disposto no art. 10 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comencarán a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2830

---

### Anuncio

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 15 de setembro de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de agosto de 2024: 2.772,74euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de outubro de 2024 e o 01 de novembro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2831

---

### O VICEDO

#### Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2024 prestou aprobación ás bases reguladoras para a convocatoria de axudas de transporte ó alumnado do Concello do Vicedo que realiza estudos fóra do termo municipal (curso 2023-2024). De conformidade co establecido no artigo 9 da ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello do Vicedo, procédese á súa íntegra publicación no BOP de Lugo.

**“Bases reguladoras para a convocatoria de axudas de transporte ó alumnado do Concello do Vicedo que realiza estudos fóra do termo municipal (curso académico 2023-2024).-**

#### 1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2023 – 2024.

#### 2. BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles xoves do Concello do Vicedo que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grado medio ou superior, graos universitarios, os dous últimos anos de conservatorio no seu grado profesional, (incompatible coa matrícula en calquera modalidade de bacharelato), e todas aquelas especialidades pertencentes ás ensinanzas artísticas superiores

segundo establece a resolución do 23 de decembro de 2021, másteres, teses ou doutorados universitarios, exceptuando os realizados na modalidade de formación a distancia ou on-line.

### 3. REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

- 1) Estar empadroadado e residir no Concello do Vicedo, o beneficiario, o seu pai ou nai, e, no seu caso, o seu titor, con seis meses de anterioridade á data de solicitude.
- 2) Figurar matriculado no curso académico 2023 – 2024 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.
- 3) Tendo en conta que desde 2021 todos os menores de 21 anos poden utilizar a tarxeta nova da Xunta de Galicia, que sufraga os gastos xerados polo transporte público durante o curso escolar, o alumnado de BAC E FP que dispoña de autobús coincidente cos horarios lectivos dos centros educativos nos que estiveran matriculados no curso 2023-2024 non terán dereito a estas axudas do concello de O Vicedo.

O alumnado de BAC E FP menor de 21 anos que acrediten a incompatibilidade do horario lectivo co horario de transporte público, terán dereito á axuda, así como aqueles que estean matriculados en centros fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 4) O resto de alumnado menor de 21 anos reflectido no punto 2 que se encontren matriculados nas Facultades da Coruña, Santiago e Lugo, aboaráselles o desprazamento hasta o lugar onde teñen dispoñible o enlace co transporte público que os leva a estas cidades.

O resto de alumnado menor de 21 anos reflectido no punto 2 que acrediten incompatibilidade de horario lectivo co horario de transporte público, terán dereito á axuda, así como aqueles que estean matriculados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 5) Aqueles estudantes que cumprisen os 21 anos e se viran excluídos durante o curso 2022-2023 do ámbito da “tarxeta xente nova”, concederáselle a parte proporcional da axuda polos meses do curso que se viran excluídos (considerase que o curso vai dende setembro a xullo).

### 4. TIPO DE AXUDAS

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/a, segundo quilometraxe no que estea incluído. A cantidade concedida será aprobada posteriormente en Xunta de Goberno Local con arranxo ós seguintes criterios:

- De 1 qm. a 15 qm..... 120 euros
- De 16 qm. a 50 qm..... 150 euros
- De 51 qm. a 100 qm..... 200 euros
- De 101 qm. a 150 qm .....250 euros
- De 151 qm. a 200 qm.....300 euros
- De máis de 201 qm..... 350 euros

As axudas financiaranse con cargo á partida 326.479 do presuposto municipal aprobado para o ano 2024.

### 5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído ós interesados que así o desexen no rexistro xeral do Concello do Vicedo.

As solicitudes e demais documentación correspondente serán presentadas no rexistro xeral de entrada do Concello do Vicedo, dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1) Solicitude debidamente cumprimentada e asinada polo interesado (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor)
- 2) Fotocopia do DNI do/a solicitante, debidamente cotexada coa súa orixinal.
- 3) Certificación bancaria da conta corrente do interesado, no seu caso.
- 4) Para os menores de 21 anos, se é o caso, declaración xurada de incompatibilidade de horario do transporte co centro de estudos.

Xustificación para o cobro da axuda.-

A documentación a aportar será a seguinte:

- 1.- Para as/os alumnas/os universitarios:

- 1) Fotocopia de matrícula cotexada co seu orixinal.

2) Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado alo menos ó 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2023/2024.

2.- Para as/os alumnas/os de bacharelato ou formación profesional.

1) Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ó 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2023/2024.

#### 6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no rexistro xeral do Concello do Vicedo.

O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda é de 30 días naturais, que se computarán a partir do día seguinte ó da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### 7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello do Vicedo.

#### 8. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira Delegada de educación. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ó parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

#### 9. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polo Alcalde - Presidente da Corporación municipal, como Presidente, como Vogais, a Traballadora Social, a Concelleira delegada de asuntos sociais e o Encargado da Casa de Cultura, actuando como Secretario, o Secretario – Interventor da Corporación.

A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión das axudas á Xunta de Goberno Local a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

#### 10. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello do Vicedo. A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das axudas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.”

O Vicedo, 23 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2832

---

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2024, prestou aprobación ás bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a favor do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego “Terras do Sor VII” do Concello do Vicedo, para a especialidade de: “TRABALLOS DE CARPINTARÍA E MOBLE E “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO”.

De conformidade co establecido no artigo 9 da ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello do Vicedo, procédese á súa íntegra publicación no BOP de Lugo.



**“BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA A FAVOR DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, “TERRAS DO SOR VII”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE O VICEDO, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE OUIROL E MURAS, PARA AS ESPECIALIDADES DE: “TRABALLOS DE CARPINTARÍA E MOBLE” E “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO”**

**Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea**

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos talleres duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

O Concello de O Vicedo, xunto cos Concellos de Ouiról e Muras, está a desenrolar un obradoiro dual de emprego “TERRAS DO SOR VII”, sendo o Concello de O Vicedo o promotor e representante.

O obradoiro dual de emprego “TERRAS DO SOR VII” iniciou a súa actividade o día 23/11/2023 e rematará o vindeiro 22/11/2024.

A Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedeu unha subvención por importe de 21.000,00 euros para incentivos á contratación, para as especialidades de “Traballos de carpintaría e moble” e “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio”

Anualidade	Nº de contratos	Importe subvención
2024	14	14 x 1.500,00 € = 21.000,00 €

2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

**Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.**

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para a ocupación do ámbito da especialidade de “Traballos de carpintaría e moble” ou “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” impartida no obradoiro de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Galicia. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b. Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c. Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e. Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

- g. Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h. Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- i. Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j. En ningún caso poderán obter a condición de entidades beneficiarias as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable (Anexo I)

### **Artigo 3. Contía dos incentivos.**

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

### **Artigo 4. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:**

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estado dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin esta ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (EU) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

### **Artigo 5. Prazos e solicitudes**

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.
2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:
  - a. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.

- b. Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo I.
  - c. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, segundo o modelo do anexo I.
  - d. Certificado de situación censal expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.
  - e. Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria onde de ser o caso se lle transferirá o importe da subvención concedida.
- Só se poderá presentar unha solicitude por entidade.

#### **Artigo 6. Xustificación e pago.**

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade de este. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación para presentar é a seguinte:

- a. Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo de anexo II.
  - b. Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
  - c. Copia dos partes de alta na seguridade social xunto co informe de datos da cotización.
  - d. Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nin coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.
2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro, fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

#### **Artigo 7. Obrigacións das entidades beneficiarias**

- 1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no taller dual de emprego.
- 2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.
- 3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extingase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
- 4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
- 5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do taller dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

#### **Artigo 8. Competencia.**

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de O Vicedo, que concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden a subvención e a desestimación das restantes solicitudes de ser o caso.

**Artigo 9. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregados dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro e expediente completo do Concello de O Vicedo e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Entre as resolucións favorables, terán preferencia aquelas entidades que asinaron o compromiso de solicitude de incentivos á contratación temporal de participantes no obradoiro dual de emprego "Terras do Sor VII" no expediente do Concello de O Vicedo nº 27/08/2023 do Procedemento TR353A de solicitude de axudas da orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Emprego e Igualdade, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no artigo 2 desta convocatoria.

Para o procedemento de selección dos traballadores/as participantes no Obradoiro Dual de Emprego, terase en conta a orde de rexistro das solicitudes das empresas que cumpran os requisitos, ás que se lles serán remitidos os currículos dos alumnos/as aptos/as con pleno dereito ao certificado de profesionalidade correspondente e concertar unha entrevista persoal cos candidatos que sexan do seu interese, e segundo vaian sendo seleccionados/as, no caso de demandar un mesmo traballador máis dunha empresa, será a orde de rexistro de solicitude das empresas a que indique a orde de resolución. A renuncia do alumno/a ao posto ofertado pola empresa interesada en contratalo non leva consigo ningunha penalización e poderá seguir optando a outras ofertas doutras empresas.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (EU) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratamento de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

**Artigo 10. Resolución e recursos.**

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Artigo 11. Incompatibilidades e concorrencia.**

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan supera os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Artigo 12. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.**

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cesamento na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

**Artigo 13. Devolución voluntaria da subvención.**

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificada da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente denominación da subvención concedida.

**ANEXO I: SOLICITUDE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
CODIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

**DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	<input type="checkbox"/> ELECTRÓNICA	<input type="checkbox"/> POSTAL
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

ENDEREZO POSTAL		
COD. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA

**DATOS BANCARIOS**

TITULAR DA CONTA	
NÚMERO DE CONTA	IBAN

**SUBVENCIÓN SOLICITADA**

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE \_\_\_\_\_ PERSOA/S ALUMNA/S DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DO SOR VII", A XORNADA COMPLETA, POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, DA ESPECIALIDADE DE

TRABALLOS DE CARPINTARÍA E MOBLE.

ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data deste declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis.

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de \_\_\_\_\_

Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.

Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. E igualmente, coas facendas locais dos concellos comprendidos no ámbito territorial do taller dual de emprego.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:**

<input type="checkbox"/>	DNI/NIE da persoa representante
<input type="checkbox"/>	NIF da entidade solicitante
<input type="checkbox"/>	Poder para actuar en nome da entidade
<input type="checkbox"/>	Certificación bancaria do número de conta

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego “TERRAS DO SOR VII”

Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023)

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VICEDO**



**ANEXO II: DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA OUTRAS AXUDAS****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
CODIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data deste declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis.

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VICEDO”**

O Vicedo, 23 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2833

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

BASES PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS AL TRANSPORTE DEL ALUMNADO UNIVERSITARIO Y DE CICLOS DE FORMACIÓN DE ESTE MUNICIPIO CORRESPONDIENTES AL CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

BDNS (Identif.): 786843

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/786843>)

#### 1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto regular la concesión de ayudas para los gastos de transporte público a las distintas universidades del alumnado universitario empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos, así como los del alumnado de ciclos medio y superior de Formación Profesional y bachillerato que tengan que desplazarse fuera del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, por no existir oferta formativa del ciclo o bachillerato elegido en este municipio, o no haber obtenido plaza en la oferta local en el curso..

#### 2. BENEFICIARIAS

Alumnado de enseñanzas universitarias adaptadas al Espacio Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiales de Grado y enseñanzas universitarias conducentes a títulos de Licenciados o Diplomados, empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Alumnado de ciclos medio y superior de Formación Profesional y bachillerato empadronado en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que tenga que desplazarse fuera del término municipal, por no existir oferta del ciclo formativo en este municipio o no haber obtenido plaza en la oferta local en el curso.

#### 3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) en la sección de AXUDAS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).

#### 4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 25.000,00 €.

#### 5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente a la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 25 de octubre de 2024

Monforte de Lemos, 23 de septiembre de 2024.- El alcalde, José Tomé Roca.

R. 2834